

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN HISTORIA DA FILOSOFÍA

Nesta materia tomamos como referente de cualificación o procedemento avaliador establecido na Comisión de Filosofía para a ABAU (Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso a Universade), orientando deste xeito o cumprimento dos obxectivos deste curso, e a súa vez, a preparación específica para aqueles alumnos que desexen presentarse tales probas.

A cualificación que obterá o alumno en cada unha das avaliacións parciais recollerá as dos distintos instrumentos de avaliación aplicados nos estándares de aprendizaxe tratados. En todo o caso, os traballos (tanto individuais como en grupo) suporán o 20% da nota e as probas escritas o 80 %. Contéplase a posibilidade de que a excelencia nalgún destes apartados (traballos voluntarios, participación sobresaínte na aula, excelencia nas probas escritas) poida supor un incremento de ata un 5% na cualificación obtida, que poida compensar a non consecución plena dalgún dos estándares. É propósito do docente o de facer dous exames por avaliación. Os estándares que se avaliarán neles teránse por superados se a cualificación da proba é igual ou superior a 5. Só pode facerse media se a calificación do exame é 4 sobre 10.

Dos primeiros contidos a proba será de preguntas varias sobre os estándares de aprendizaxe e as seguintes probas axustaranse o modelo da ABAU. A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

1ª parte.- a cualificación máxima será de 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión proposta. No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía). A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

2ª parte.- a cualificación máxima será de 3 pts. A avaliación da cuestión teórica farase — coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

3ª parte.- a cualificación máxima será de 1 pto. Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo; título da obra) terá unha cualificación máxima de 0,25 pts

Os traballos na maior parte dos casos serán comentarios de texto. Os criterios de cualificación serán os da seguinte rúbrica:

Nivel	
Básico 0,5 puntos	Comprende a idea que se presenta no texto, a explica correctamente e utiliza a terminoloxía básica da filosofía do autor.
Medio 1 punto	Comprende a idea principal e outras que aparecen, relaciona as ideas que aparecen coas ideas do autor, contextualiza correctamente, manexa ben a terminoloxía propia do autor e o presenta de xeito claro.

Avanzado 1,5 puntos	Realiza todo o anterior con absoluta corrección sintáctica e ortográfica. Establece relacións con outras ideas. É ordenado na forma de escribir e desenvolver as ideas.
Sobresaliente 2 puntos	Aporta unha visión crítica persoal recollendo ideas propias, valora as ideas de xeito correcto, é capaz de aportar unha visión crítica e madura.

Os alumnos que non poidan superar unha avaliación poderán recuperala mediante presentación a unha proba escrita con distintos tipos de preguntas. Só haberá unha recuperación por avaliación, e non por exame parcial. A cualificación da avaliación final será a media das tres avaliacións parciais. Quedarán avaliados positivamente aqueles alumnos que teñan unha cualificación media igual ou superior ao 5, sempre que en ningunha das avaliacións parciais a cualificación sexa inferior ao 4. Previa a avaliación final os alumnos que o precisen poderán presentar a unha proba de características semellantes ás das avaliacións parciais onde poderán recuperar todos aqueles estándares de aprendizaxe que lles quedasen pendentes. Aqueles alumnos que non superen a avaliación ordinaria de xuño terán que presentarse a un exame en setembro, consistente nunha proba tipo ABAU con dúas opcións:

Opción A: A orixe do cosmos na corrente presocrática.

Realidade e coñecemento en Platón.

Platón: antropoloxía e política.

Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.

O liberalismo político de Locke.

Os límites do coñecemento en Kant.

A lei moral en Kant.

Alienación e ideoloxía en Marx.

Opción B: Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.

Física e metafísica en Aristóteles.

Ética e política en Aristóteles.

O problema razón/fe na filosofía medieval.

Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.

Razón e progreso na Ilustración.

Nietzsche: crítica da cultura occidental

Ortega y Gasset: a razón vital.

A cualificación da proba é como as ABAU e pode consultarse a web da CIUG. A cualificación final da avaliación extraordinaria será positiva para todos aqueles alumnos que acaden unha nota igual ou superior a 5.

No caso de que un alumno empregue para a realización das probas calquera acción fraudulenta e non autorizada (uso de dispositivos móbiles, de anotacións non autorizadas, apuntes propios, etc), logo da comprobación por parte do profesorado e comunicado ao alumno/a será cualificado de 0 na proba e deberá recuperar a avaliación correspondente. Igualmente será comunicado á familia do alumno/a. O mesmo criterio se utilizará na proba extraordinaria de setembro.

